



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa Arcaí, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

BANDO DA ALCALDÍA

Asunto: Bando informativo da Alcaldía para as cacharelas/sardiñadas en terreos de propiedade privada no mes de xuño de 2025.

Expediente: 2025/X999/000099

Diego Luís Díaz Méndez, alcalde do Concello de Val do Dubra,

Por medio do presente bando FAISE PÚBLICO para xeral coñecemento, que con motivo das TRADICIONAIS CACHARELAS/SARDIÑADAS de SAN XOÁN, recomendamos que se tomen tódalas precaucións necesarias, co fin de evitar posibles propagacións de incendios, asegurando ademais así o gozo desa noite de alegría e de lecer para todos.

Este concello establece as normas de seguridade publicadas na web municipal e fainas extensivas á celebración de cacharelas/sardiñadas durante o mes de xuño, ben sexa na noite do 23 ou calquera outro día de xuño.

Os particulares que desexen realizar unha cacharela e/ou sardiñada en terreos de propiedade privada deberán presentar a comunicación previa, segundo o modelo oficial publicado na web do concello, www.valdodubra.gal, no Rexistro Xeral do concello ou a través da Sede Electrónica dende o **día 12 de xuño ata as 00:00 horas do día 20 de xuño de 2025**. As persoas asinantes da comunicación previa teñen que ser maiores de idade. Con este trámite é suficiente para poder levar a cabo a actividade, sen prexuízo da responsabilidade por danos ou perdas a que houbera lugar no caso de que concorrera negligencia ou imprudencia.

O que se fai público para xeral coñecemento dos veciños.

Val do Dubra, 11 xuño de 2025

O alcalde,

Diego Luís Díaz Méndez